



A rede galega de espazos sen fume ampliarase a prazas, campus, piscinas e campos de fútbol

A poboación fumadora en Galicia de 16 ou máis anos é do 20,8%

Por E.P. | SANTIAGO DE COMPOSTELA | 25/05/2023 | Actualizada ás 18:55

O presidente da [Xunta](#), Alfonso Rueda, informou de que **a rede galega existente de espazos sen fume ampliarase a prazas públicas, campus universitarios, piscinas descubertas e campos de fútbol**, tal e como xa existen praias e parques neste programa.

Así o expuxo en relación co plan de actuación contra o tabaquismo 2023-2027, chamado Plan Inspira Saúde, que **buscará atallar o consumo de tabaco por parte de adolescentes e contará cunha rede de apoio a persoas que queiran deixar de fumar**. Ademais, establecerase o 31 de outubro como día galego sen tabaco.

Esta estratexia **conta con cinco liñas**: que exista "unha xeración futura libre de fume", reducir a prevalencia do consumo, detección precoz de enfermidades --o 80% as mortes por cancro de pulmón débese ao tabaquismo--, realizar vixilancia epidemiolóxica e formación continua.

A poboación fumadora en Galicia de 16 ou máis anos é do 20,8%, con datos de 2021, e unha prevalencia de fumadores diarios do 16%. O obxectivo marcado por estratexia é que a prevalencia baixe ao 15%

en 2027. Tamén se busca que a prevalencia de consumo por parte dos adolescentes sexa menor do 5%.

PLAN CORRESPONSABLES

Noutra orde de cousas, o Consello da Xunta autorizou a orde para un novo Plan Corresponsables, polo cal se destinan case 2,8 millóns de euros en subvencións --un 10% máis que a anterior convocatoria-- a federacións deportivas en 2023 para favorecer a conciliación a través do deporte.

Ademais, apróbase a superación da porcentaxe máxima de pagos anticipados ata o 80%, polo que as entidades que se adhiran poderán afrontar o desenvolvemento do programa coa subvención concedida e sufragada.

En 2022, participaron un total de 18 federacións deportivas, tales como baloncesto, fútbol, esgrima ou piragüismo, entre outras. Participaron 17.760 menores en máis de 2.500 actividades en 175 municipios.